

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCION**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. José Luis Díez Yáñez.
(Delegado Provincial da Consellería de
Agricultura, Gandería e Montes.)

VICEPRESIDENTE

D. José J. Barreiro Prado
(Maxistrado da Audiencia Provincial)

VOCALIS

D. Teodoro Arribas Serrano
(Xefe do Servicio de Montes e Ind.Forestais)
D. Luis Mª Muñños Vidueira
(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta)
D. Serafin Quinteiro Blanco
(Avogado polo colexio da provincia)

**VOCALIS REPRESENTANTES DA
PARROQUIA DE CANICOUBA
PONTEVEDRA**

D. Jose Parada Carballo.
D. José Javier Fernández Sabajanes.

SECRETARIA

Dª. Ramona C. Fernández Alvarez.
(Xefa da Sección Xurídica da
Delegación Provincial de Agricultura,
Gandería e Montes)

Na cidade de Pontevedra sendo as dezasete horas do día 3 novembro de 1997, coa asistencia das persoas á marxe reseñadas reunese na 4ª planta do edificio sito no nº 47 da calle Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a "Clasificación dos montes" "Castro e outros", sitos na Parroquia de Canicouba. do Concello de Pontevedra.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Polo Presidente da Comunidade de Montes da Parroquia de San Esteban de Canicouba, do Concello de Pontevedra foi solicitada en data 14/2/1995, a Clasificación como Veciñais en Man Común dos montes "Castro, Penduradas e Carballeira das Chans".

SEGUNDO.- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais na súa reunión de data 4/4/1995, acordou inicia-los trámites para a Clasificación dos referidos montes, así como a remisión do expediente o Servicio de Montes e Industrias Forestais para o seu estudio e informe..

TERCEIRO.- Cumprida e observada a tramitación legal e regulamentariamente esixida, por ninguén se formulou oposición no presente expediente á calificación instada polo Presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común da Parroquia de San Esteban de Canicouba e, mesmo polo Sr. Rexistrador da Propiedade se ten certificado que as parcelas " Monte Castro", " Penduradas", e " Carballeira das Chans", non aparecen inscritos en dominio nin posesión a nome de ningunha persoa.

CUARTO.- Os montes obxecto do expediente de Clasificación obedecen a seguinte descripción :

CONCELLO: Pontevedra

PARROQUIA: Canicouba

NOME DO MONTE: Monte Castro

CABIDA: 40.972 m/2

LINDES

NORTE: Predios particulares.

LESTE E SUR: Parroquia de Pontesampaio e estrada de Castro a Pontesampaio.

OESTE: Predios particulares.

NOME DO MONTE: Penduradas

CABIDA: 42.684 m/2

LINDES

NORTE: Predios particulares.

LESTE: Predios particulares e camiño de Santiago.

SUR: Predios particulares

OESTE: Concello de Vilaboa.

NOME DO MONTE: Carballeira das Chans.

CABIDA: 18.572 m/2

LINDES

NORTE: Predios particulares.

LESTE: Predios particulares e Concello de Vilaboa.

SUR: Predios particulares e concello de Vilaboa.

OESTE: Predios particulares.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- Trátase en realidade de tres parcelas de terreo forestal que veñen sendo aproveitadas polo común dos veciños a xeito de esquilmo, dúas delas rasas e a outra con arborado xove de eucalipto, da seguinte superficie: Monte Castro, 40.972 m/2; Penduradas, 42.684 m/2; e Carballeira das Chans 18.752 m/2.

Na derradeira das nomeadas parcelas do monte existe un encravado de case que 0,5 has. perfectamente delimitado por un muro de pedra que pertence a diversas persoas.

II.- Si ben a vista da planimetría obrante no expediente de clasificación dos montes “ Pedra Miranda “ e “ Saramagoso” e que deu lugar a Resolución do Xurado de data 11/12/81, podese apreciar unha superposición da superficie do monte “ Pedra Miranda” coa do monte “ Penduradas”, esta coincidencia non se produce na realidade física , obedecendo soamente a un erro de ubicación no plano do monte “ Pedra Miranda” que debería situarse a uns 600 m/2 mais o norte e alleo ó monte “ Penduradas”.

III.- En consideración, pois , a tales antecedentes e consonte o disposto , fundamentalmente, tanto no art. 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, como no art. 1 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, segundo os cales “ cómpre entender por monte Veciñal en man común os terreos radicados na Comunidade de Galicia que, con independencia da súa orixe, a súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen as agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en rexime de comunidades, sen asignación de cuotas, os membros de aquelas na súa condición de veciños”, abofé que procede estimar parcialmente a solicitude que deu orixe á incoacción do presente expediente.

Vistos os preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación ó caso examinado , este Xurado Provincial por unanimidade ACORDA:

Clasificar como veciñal en man común o “ Monte Castro”, “ Monte Penduradas” e “ Monte Carballeira das Chans”, sitios todos eles na Parroquia de Canicouba, do Concello de Pontevedra correspondendose coa planimetría elaborada ó efecto polo Servicio de Montes e Industrias Forestais e que forma parte inseparable da presente Resolución, e de acordo coa seguinte descripción:

NOME DO MONTE: Monte Castro

CABIDA: 35.742 m/2

LINDES

NORTE: Predios particulares.

SUR: Parroquia de Pontesampaio

LESTE: Parroquia de Pontesampaio e propiedades particulares.

OESTE: Predios particulares.

DESCRIPCION DO PERIMETRO:

Comenzando polo extremo mais oriental nun camiño de subida ó monte situado a 30 metros por debaixo dun depósito de augas, punto de intersección coa liña parroquial de Pontesampaio, e continuando en dirección oeste, lindando coas propiedades de Jose Cal Gonzalez e María Conde Curras, ata que se encontra coa propiedade de María Pazos Rodiño, onde o límite se dirixe en dirección sur, lindando coas propiedades de María Pazos Rodiño, Manuel Conde Miguez e Argentina Noval Taboada ; ali atopase co límite parroquial de Pontesampaio, onde o límite toma dirección Noreste , subindo e pasando polo pico alto do castro e baixando polos laterais do antedito depósito, ata concluir no punto de partida.

NOME DO MONTE: Penduradas

CABIDA: 42.684 m²

LINDES

NORTE: Predios particulares.

LESTE: Predios particulares e camiño de Santiago.

SUR: Predios particulares

OESTE: Concello de Vilaboa.

DESCRIPCIÓN DO PERÍMETRO.

Comezamos no punto situado mais ó norte, que está definido pola integración dun muro co límite do concello de Vilaboa. Desde este punto dirixímonos ó sur todo polo límite de concellos ata tocar coa propiedade de José Ramón Conce Naval, onde nos dirixímonos cara ó leste seguindo esta propiedade e a de María Pazos Rodiño, continuando o límite polo lindeiro do monte de Pontesampaio ata un camiño denominado Camiño de Santiago, onde toma dirección norte ata atopar as propiedades de Argentina Noval Taboada, Manuel Conde Míguez e María Pazos Rodiño, finalizando no punto de partida.

NOME DO MONTE: Carballeira das Chans.

CABIDA: 13.572 m²

LINDES

NORTE: Predios particulares.

LESTE: Predios particulares e Concello de Vilaboa.

SUR: Predios particulares e concello de Vilaboa.

OESTE: Predios particulares.


DESCRIPCIÓN DO PERÍMETRO.


Comenzamos no punto situado mais ó norte que é un marco do límite co concello de Vilaboa. De alí dirixímonos en dirección SO ata un muro do predio de Jose Manuel Rios Sabajanes e seguindo con este ata atoparmos novamente co límite de Concellos, e seguindo esta liña ata que toma dirección sur polo muro do predio de Carmen Parada Carballo e Asunción Portela Carballo, torcendo posteriormente en dirección oeste polo muro do predio de María Inés Gonzales Ríos, posteriormente toma dirección norte polo muro do predio de Jose Manuel Rios Sabajanes e María Inés Gonzalez Ríos ata chegar o punto de partida.

Asímesmo, os membros do Xurado Acordan de xeito unánime excluir da Clasificación como Monte Vecinal en Man Común, dentro do monte "Castro" a superficie comprendida entre a estrada de Castro a Pontesampaio, ata o punto de intersección do camiño de subida ó depósito coa línea parroquial, así como o resto da superficie situada na parroquia de Pontesampaio, nunha extensión de 5.230m².

E igualmente os membros do Xurado Acordan de maneira unánime excluir da Clasificación como Monte Veciñal en Man Común o encravado de case que 0,5 has. que co seu correspondente acceso existe dentro da parcela denominada "Carballeira das Chans".

Contra a presente Resolución poderá interpoñerse Recurso Contencioso-Administrativo no prazo de DOUS MESES, dende a notificación da mesma ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 58 da Lei Reguladora da antedita xurisdicción en relación co artigo 12 da Lei 13/89 do Parlamento de Galicia de 10 de outubro de Montes Veciñais en Man Común e o artigo 28 do seu Regulamento aprobado por Decreto 260/92 do 4 de setembro, modificados ambos preceptos pola Lei 30/92 de 26 de novembro do Reximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.





PLANO DE UBICACION E EMPLAZAMENTO DA
CLASIFICACION EN V.M.C. DOS MONTES NOMEADOS
CARBALLEIRA DAS CHANS, PENDURADAS E CASTRO,
PERTENCENTES A PARROQUIA DE CANICOVA
(PONTEVEDRA)

ESCALA 1:10.000

PONTEVEDRA, 18 DE NOVEMBRO DE 1997.

O enseño t. forestal O axudante facultativo



[Handwritten signature]